


## PROBLEMAS DE HABILIDADE.

### Puntos fastíos.

Sen levantar o lapis do papel, une estes puntos con 4 segmentos rectilíneos:




### Escarvantes e cadrados.

Con 24 escarvantes fai un cadrado de tal xeito que teñamos 9 cadrados no interior. Podes quitar 4 escarvantes e obter 5 cadrados? Es capaz de quitar 6 escarvantes e obter 3 cadrados? Es capaz de quitar 8 e obter catro cadrados de dúas maneiras diferentes?


### Con tres cadrados.

Debuxando tres cadrados tes que illar todos os sete círculos da figura:




### O T roto.

Reconstrúe unha letra **T** coas pezas:



### Reconstrúe un cadrado:

Forma un cadrado coas pezas:



### O taboleiro de xadrez.

Divide o taboleiro de xadrez en catro partes iguais na forma e no tamaño. Es capaz de conseguir que cada parte teña o dobre de cadrados dun cor que do outro?

## **PROBLEMAS DE ESTRATEXIA.**

### Marta e Ana.

Marta e Ana eran dúas amigas que facía tempo que non se atopaban. Marta preguntou a Ana cantos libros tiña. Ana sempre explicaba as cousas dunha forma un tanto misteriosa.

“Non sei con exactitude –contestoulle-; se fago grupos de dous, de tres, de catro, de cinco ou de seis, sóbrame sempre un; sen embargo, se xúntoos en grupos de sete non me sobra ningún.” Marta adiviñou o número de libros de Ana. Como o soubo?

### O torneo escolar.

Nun colexio celebrouse un torneo entre os equipos A, B, C y D. O equipo gañador dun partido ten dous puntos, os que empatan un e os que perden ningún. Se a clasificación foi: A = 4 puntos. B = 3 puntos. C = 2 puntos. D = 1 punto.

Cales foron os resultados de todos os partidos?

### Un antigo problema.

Un pazo gardábase todas as noites por tres feroces gardiáns. Nunha ocasión e pola fame que tiña a xente da cidade, un ladrón chamado Brétema entrou e levou un saco de cereixas. O tentar saír do pazo o ladrón famento foi collido por un gardián. Este o detivo, e no lugar de apresalo quitoulle a metade das cereixas que tiña e catro máis. O continuar a súa fuxida topouse outro gardián, que tampouco o apresou, pero quitoulle a metade das cereixas que tiña e catro máis. O final atopouno o terceiro gardián e comportouse coma os anteriores. Se so quedáballe unha cereixa, cantas tiña levado?

### O atino do explorador e a resposta dos tres turistas.

Un explorador atopouse con tres turistas despois dun safari fotográfico e preguntoulles polo resultado total da xornada. Un fotógrafo respondeulle: “2 elefantes, 6 leóns e 1 xirafa”.

Outro cazador de fotografías contestou: “6 elefantes, 2 leóns e 1 xirafa”.

Finalmente o terceiro cazador dixo: “1 elefante, 2 leóns e 1 cebra”.

“Como pode ser que digades tres cousas totalmente distintas?”, preguntou o explorador.

“Porque un sempre di a verdade, outro sempre mentiras, e outro alterna verdades con mentiras”, respondeu un deles.

“Entón, xa sei o que tendes fotografado afirmou o explorador”.

A que conclusión chegou?

### O problema das embarcacións.

Tres embarcacións volven ao peirao despois de rematar a faena. A segunda embarcación inverte dúas veces máis de tempo ca primeira e dúas veces menos ca terceira. A terceira inverte 30 min máis ca primeira.

Canto tempo inverte cada embarcación?

### O reparto supersticioso.

Un supersticioso ten 159 moedas. Para evitar cas leven, fai moreas de 13 e de 17 moedas, pois cree que estes números nefastos deterán ós ladróns.

Como o fai?

### O elefante e os plátanos.

Un vendedor de plátanos ten 3000 plátanos e un elefante para transportalos, que como moito pode levar 1000 plátanos e ten un consumo de plátano por quilómetro. O mercado está a 1000 quilómetros. Cantos plátanos poderá levar como máximo ao mercado?